

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. NON é correcto en galego:

- A) Refrexión.
- B) Cravo.
- C) Igrexa.
- D) Frauta.

2. Indique a palabra correcta en galego:

- A) Trasplante.
- B) Craneo.
- C) Trastorno.
- D) Trasfusión.

3. Indique o plural correcto en galego:

- A) Ollomois.
- B) Lacazanes.
- C) Avais.
- D) Ancianos.

4. Indique a serie de formas verbais correcta:

- A) Valín, valiches, valiu, valemos, valeches, valeron.
- B) Vin, viñeches, veu, viñemos, viñestes, viñeron.
- C) Fun, foches, foi, fomos, fostes, foron.
- D) As respostas B) e C) son correctas.

5. Indique cal das seguintes palabras pertence ao xénero masculino:

- A) Traxe.
- B) Paxe.
- C) Garaxe.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

6. NON é correcto en galego:

- A) Colite.
- B) Epiderme.
- C) Praxis.
- D) Pleurite.

7. Indique a palabra correcta en galego:

- A) Escavar.
- B) Estender.
- C) Exixir.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

8. Indique o plural correcto en galego:

- A) Controles.
- B) Civiles.
- C) Xeles.
- D) Fieles.

9. Indique a forma correcta de pór en galego a frase: "La tráquea está revestida de una sustancia que le confiere rigidez"

- A) A tráquea está revestida dunha substancia que lle confire rixidez.
- B) A traquea está revestida dunha substancia que lle confiere rixidez.
- C) A tráquea está revestida dunha substancia que lle confiere rixidez.
- D) A traquea está revestida dunha substancia que lle confire rixidez.

10. Indique o feminino correcto en galego:

- A) Patrona.
- B) Folgazá.
- C) Anfitrioa.
- D) Leona.

Preguntas de reserva

1. Cada un dos dous órganos situados na rexión lumbar, aos lados da espiña dorsal, que segregan a urina, denomínase en galego:

- A) Rile.
- B) Ril.
- C) Reñón.
- D) As opcións A) e B) son correctas.

2. Indique a forma correcta de pór en galego a frase: "Siente un fuerte dolor en el hombro, en la rodilla y en el pie izquierdo que no le permite caminar sólo por la calle"

- A) Sente un forte dor no ombro, no xeonllo e no pe esquerdo que non lle permite camiñar só pola rúa.
- B) Sinte unha forte dor no ombreiro, no xeollo e no pé esquerdo que non lle permite camiñar so pola rúa.
- C) Sente unha forte dor no ombreiro, no xeonllo e no pé esquerdo que non lle permite camiñar só pola rúa.
- D) Sinte unha forte dor no ombro, no xeollo e no pe esquerdo que non lle permite camiñar so pola rúa.